

## CULTURA

# O BNG pide que Ferrol adique o 2006 a Xosé Fontenla Leal

Os nacionalistas presentaron unha serie de propostas coincidindo coa celebración do centenario da Real Academia Galega

O voceiro do BNG, Xaime Bello, e a concelleira Ana Vérez presentaron onte en rolda de prensa unha serie de propostas, que se debatirán no seo da comisión de Cultura, coa fin de que se nomee a Xosé Fontenla Leal como Ferrolán do Ano e como Fillo Predilecto "in memoriam".

REDACCIÓN > FERROL

■ O grupo nacionalista no Concello de Ferrol explicou os motivos que o levan a pedir que o 2006 sexa declarado en Ferrol como Ano de Xosé Fontenla Leal. Así, explican que este ferrolán, nado o 12 de febreiro de 1864 e morto na Habana o 5 de decembro de 1919, foi "alma mater" da constitución na cidade da Habana en 1905 da "Asociación iniciadora e protectora da Academia Galega". Foi motor fundamental deste proxecto conxuntamente co seu amigo Manuel Curros Enríquez e tamén impulsou o nacemento do Himno Galego, xa que el lle pediu a Eduardo Pondal que escribese a letra e o mestre Pascual Veiga que compuxese a música.

Coincidindo coa conmemoración no 2006 do centenario da Real Academia Galega, o BNG propoñerá no seo da comisión de Cultura —esperando que xurdan novas propostas e que, consensuadas, se leven a pleno— unha serie de medidas como a declaración de Ano de Xosé Fontenla Leal, que este sexa nomeado Ferrolán do Ano e Fillo Predilecto "in memoriam", a preparación dunha unidade didáctica relativa á súa vida e obra, e a organización dun ciclo cultural divulgativo do significado de Fontenla Leal para o idioma e a cultura galegos, co fin de darlle maior dimensión social e cidadá a esta senlleira figura.

Asemade, os nacionalistas propoñen que se colabore coa Real Academia Galega no programa



Ferrol adica unha praza ó Himno Galego, do que foi impulsor Fontenla Leal / L.P.

conmemorativo do seu centenario naquilo que se considere pertinentemente entre as dúas institucións.

**Comisión** > O voceiro municipal Xaime Bello explicou que a proposta será exposta o vindeiro luns —a reunión do venres trasladouse para esa data— na comisión que preside Xosé Manuel Couce Fraguela e insistiu en que está aberta a novas ideas e incorporacións co fin de que a proposta final sexa elevada por unanimidade a pleno e poida así saír adiante nas primeiras semanas do vindeiro ano. Deste xeito, o programa levaríase

a cabo no curso escolar 2006-2007, principalmente no primeiro trimestre, de xeito que coincidindo coa celebración do aniversario da RAG —30 de setembro— se teña un amplo coñecemento da figura do ferrolán Xosé Fontenla Leal e se poida apreciar o labor que desempeñou no desenvolvemento da cultura galega dende a emigración.

En Ferrol xa se lle ten rendido sentido homenaxe co nomeamento da praza do Himno Galego no barrio de Esteiro, na que conflúen as rúas Pascual Veiga e Eduardo Pondal.

## en corto

EMAFESA

### Corte de agua en A Graña y Montecoruto

■ La Empresa Mixta de Aguas de Ferrol informa a los abonados del servicio de que debido a los trabajos que se están llevando a cabo en el CIS de A Cabana está previsto que se corte el suministro esta mañana, desde las nueve a la una de la tarde, afectando el corte a Montecoruto y A Graña. Por otra parte, Emafesa informará hoy en rueda de prensa de las obras que se han ejecutado en el barrio del Ensanche A y sobre otras actuaciones desarrolladas a lo largo del año que ahora concluye. También dará cuenta de las previsiones para 2006.

PLENO

### El Concello debate hoy las alegaciones a las tasas

■ Un pleno extraordinario convocado para las diez de la mañana abordará, como único punto del orden del día, la propuesta de resolución de alegaciones y aprobación definitiva de la modificación de las Ordenanzas Fiscales y Reguladoras de Precios Públicos correspondiente al ejercicio 2006. Como hemos informado, la Federación Vecinal Roi Xordo solicitó intervenir en el pleno a través de un escrito dirigido al alcalde. La aprobación de las ordenanzas fiscales es un paso previo e imprescindible para poder presentar los presupuestos municipales.

ADEGA

### Nuevo acto reivindicativo por la "carballeira" de Menáncaro

■ La asociación Adega Trasancos y la Asociación Cultural Os Picos do Sol informan de que el próximo viernes, a las 19.15 horas, tendrá lugar un nuevo pasacalles de músicos, malabares y disfraces, por las calles y plazas ferrolanas con el fin de reivindicar la conservación de la "carballeira" de Menáncaro. La comitiva saldrá del Cantón en dirección a la calle Real a través de Tierra. El acto terminará en la plaza de Armas con una breve representación teatral.

AVV "EL PILAR"

### Críticas al concejal de Hacienda por las ordenanzas

■ La AVV "El Pilar" del barrio de Recimil ha "felicitado" al concejal de Hacienda, José Manuel Rey, por la escasa sensibilidad con las alegaciones presentadas a las tasas y ordenanzas municipales que hoy se debaten en pleno. La asociación indica que si el año pasado se rechazó la alegación sobre la bonificación de la contribución de las viviendas de Recimil indicando que "as viviendas de Recimil non pagan contribución", éste se indica que "sería un agravio comparativo con otros barrios de la ciudad".

DIPUTACIÓN

### El ente provincial aprueba hoy el Plan de Grandes Ciudades

■ El pleno ordinario de la Diputación aprobará esta mañana inversiones por más de 25 millones de euros para mejorar las infraestructuras públicas de los municipios de la provincia. Entre las cuestiones que se aprobarán se encuentra el Plan de Grandes Ciudades que beneficia a Ferrol, A Coruña y Santiago así como el Plan de Inversiones Locales que contempla obras de infraestructura en 78 municipios de la provincia con la ejecución de 245 proyectos, y una inversión de 18.299.899 euros.

CARNICERÍA  
**"LA SELECTA"**  
Selección en carnes  
C/ María, 116 Tel. 981 35 37 73  
FERROL

Panadería  
**GARCÍA LÓPEZ**  
Pan, empanadas, bollas,  
bizcochadas y todo tipo de  
dulce.  
CARRETERA DE ARES A MUGARDOS  
ALTO DE SIMOU, 73  
15624 ARES ☎: 981 47 08 50